

FICHA DE COMPILADOR



Nome: Xosé Manuel González Reboredo

Data de nacemento: 1946

Lugar de nacemento: Lugo

Biografía:

Estudou Filosofía e Letras (sección de Historia) na Universidade de Santiago, na que se licenciou en 1968 e doutorou en 1974. Exerceu a docencia durante anos como catedrático de Instituto. Sendo estudante en Compostela iniciou a súa formación en Etnografía e Arqueoloxía de Galiza con Fermín Bouza-Brey no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, institución na que foi xefe da sección de Etnografía. Desenvolveu tamén unha intensa actividade como membro da sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega entre 1987 e 2007, e pertence ao Consello de Cultura da Excma. Deputación Provincial de Lugo, así como á Real Academia Galega como correspondente.

Incorporouse ao Padroado do Museo do Pobo Galego dende a súa fundación; foi coordinador do Instituto de Estudos das Identidades (departamento do museo creado polo seu padroado), e na actualidade é presidente da Xunta Reitora do MPG.

Realizou traballo de campo no leste da provincia de Lugo, no occidente de León e noutras zonas de Galiza. Ademais de artigos e relatorios de congresos, é autor ou comparte a autoría de numerosos libros sobre as lendas tradicionais, as romarías e festas e outros temas relacionados co folclore e a antropoloxía de Galiza.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades